

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****BUEU****Contratos administrativos**

MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR(SAF) NA MODALIDADE PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA NO SEU SEGUNDO ANO DE VIXENCIA

A N U N C I O

Asto.—Aprobación definitiva da modificación do contrato administrativo do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU” na modalidade para persoas en situación de dependencia e durante o seu segundo ano de vixencia.

A Xunta de goberno local, por unanimidade do seus membros asistentes (04 dos 06 que con dereito a constituen), en sesión ordinaria celebrada o pasado día 07.11.2016 acordou o seguinte:

1º.—Aprobar a modificación do contrato administrativo do “SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU” adxudicado a IDADES S.L, CIF B- 36577542 mediante acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 20.7.2015, e formalizado en data 4.9.2015, unicamente na modalidade de SAF para persoas en situación de dependencia, correspondente ao segundo ano de vixencia, do seguinte xeito:

- Con esta modificación o prezo de adxudicación para a modalidade de SAF para persoas en situación de dependencia (con IVE) pasa de 155.780,72 €/ anuais a 186.936,864 €/ anuais, manténdose inalterable o prezo de adxudicación da modalidade do SAF de libre concorrencia.
- Os prezos aplicables á modificación polo SAF DEPENDENCIA serán os que resultan da seguinte cadro:

Prezo anual (sen IVE)	IVE anual	Prezo anual (con IVE)
179746,98€	4%- €/7.189,88€	186.936,864 €

Dita modificación é obrigatoria para o contratista adxudicatario e supón unha alteración do prezo de adxudicación do contrato que pasa do importe anual de 180.229,92 euros, sen IVE, a 210.187,74 euros polas dúas modalidades de prestación, aos que sería de aplicación o 4%



e o 10% de IVE para o SAF Dependencia e SAF libre concorrência respectivamente, o que supón que o importe anual polas dúas modalidades de prestación pase de 189.265,55 euros IVE engadido a 220.421,69 euros IVE engadido.

A modificación aprobada deberá ser formalizada en documento administrativo en cumprimento do disposto nos arts 219.2 e 156 do TRLCSP. Asemade o adxudicatario deberá reaxustar a garantía definitiva constituída mediante retención do prezo consonte dispón o artigo 99.3 do TRLCSP para que a mesma garde a debida proporción co novo prezo modificado, no prazo de tres días hábiles contados dende a data na que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

Neste senso, a empresa adxudicataria tiña constituída garantía por importe de 18022,99 euros, e coa modificación do contrato descrita anteriormente, o importe da garantía pasa a ser de 19520,89 euros, polo que terá que reaxustar a mesma incrementándoa no importe de 1497,89 euros.

2º.—Notificar a IDADES S.L, CIF. B- 36577542 mediante correo electrónico (info@idades.es) en canto adxudicataria do contrato de dito servizo, segundo contrato formalizado con data 4.9.2015 e modificado no seu primeiro ano de vixencia o 08.01.2016 ,coa obriga de formalizar a modificación do contrato aprobado definitivamente, en cumprimento do disposto nos arts 219.2 e 156 do TRLCSP nun prazo máximo de tres días hábiles dende o seguinte ó da recepción da notificación do presente acto administrativo.

3º.—Dar traslado do presente acordo ós departamentos de Intervención, á Traballadora social do concello como responsable do contrato para o seu coñecemento e ós efectos oportunos.

O que se publica en base aos principios de publicidade que rexen na contratación do sector público e que resultan da regulación contida no TRLCSP.

(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE)

